

GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2020

TRABALLO FIN DE GRADO

**“Coñecementos de enfermaría para a
detección e abordaxe das vítimas de
Violencia de Xénero nas consultas de
Atención Primaria”**

Alumna: Silvia Cerqueiro Rey
Titora: Manuela Blanco Presas
Convocatoria: xuño de 2020

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ÍNDICE

1. RESUMO.....	3
1. ABSTRACT.....	4
1. RESUMEN.....	5
2. INTRODUCCIÓN.....	6
2.1 Terminoloxía.....	6
2.2 Antecedentes.....	7
2.3 Incidencia	8
2.3 Tipos de maltrato.....	11
3. OBXECTIVOS.....	13
3.1 Obxectivo xeral.....	14
3.2 Obxectivo específico.....	14
4. MATERIAL E MÉTODOS.....	14
4.1 Datas de busca.....	14
4.2 Criterios de selección.....	14
4.2.1 Criterios de inclusión.....	14
4.2.2 Criterios de exclusión.....	15
4.3 Estratexia de busca.....	15
5. RESULTADOS.....	17
6. DISCUSIÓN.....	32
7. CONCLUSIÓN.....	35
8. BIBLIOGRAFÍA.....	36

2.RESUMO

Introdución: A violencia de xénero é unha das manifestación más claras de desigualdade e subordinación dos homes sobre as mulleres, que está presente en todas as culturas e ten múltiples consecuencias para a saúde. Trátase dun problema de saúde pública no que a enfermaría pode realizar un importante papel.

Obxectivo: definir o grao de coñecemento dos profesionais de enfermería para a detección e abordaxe da violencia de xénero dende as consultas en atención primaria.

Metodoloxía: busca bibliográfica nas bases de datos científicas: PubMed, Dialnet, Scopus. Análise dos datos obtidos e comparación destes para responder as cuestións formuladas.

Resultados: os profesionais de enfermaría senten que non están o suficientemente preparados e formados para atender a mulleres maltratadas. É preciso a correcta formación para coñecer e manexar os instrumentos e recursos dispoñibles

Conclusíons: as intervencións de enfermaría son necesarias para previr, detectar e tratar a violencia de xénero, por iso, é importante incidir na formación dos profesionais e estudar máis a fondo cales son as chaves para a correcta abordaxe de casos.

Palabras chave: violencia de xénero, atención primaria da saúde, enfermaría.

ABSTRACT

Title: Gender violence is one of the clearest manifestations of inequality and subordination of men over women, which is present in all cultures and has multiple consequences on health. It is a public health problem in which nursing can play an important role.

Objective: to define the degree of knowledge of nursing professionals on the detection and approach of gender violence in primary care.

Methodology: bibliographic search in the scientific databases: Pubmed, Scopus and Dialnet. Analysis and comparison of the data obtained to answer the questions asked.

Results: nursing professionals feel that they are not sufficiently trained and educated to take care of abused women. Correct training is essential to know and use the available instruments and resources.

Conclusions: nursing interventions are necessary to prevent, detect and treat gender-based violence, therefore it is important to enhance the skills of professionals and study in depth what are the keys to the correct approach of cases.

Key words: gender-based violence, primary health care, nursing.

RESUMEN

Introducción: La violencia de género es una de las manifestaciones más claras de desigualdad y subordinación de los hombres sobre las mujeres, que está presente en todas las culturas y tiene múltiples consecuencias para la salud. Se trata de un problema de salud pública en el que la enfermería puede realizar un importante papel.

Objetivo: Definir el grado de conocimiento de los profesionales de enfermería para la detección y el abordaje de la violencia de género en atención primaria.

Metodología: búsqueda bibliográfica en las bases de datos científicas: PubMed, Scopus y Dialnet. Análisis de los datos obtenidos y comparación de estos para responder a las cuestiones planteadas.

Resultados: los profesionales de enfermería sienten que no están lo suficientemente capacitados y formados para atender a mujeres maltratadas. Es necesario la correcta formación para conocer y manejar los instrumentos y recursos disponibles.

Conclusiones: las intervenciones de enfermería son necesarias para prevenir, detectar y tratar la violencia de género por ello es importante incidir en la formación de los profesionales y estudiar más a fondo cuales son las claves para el correcto abordaje de casos.

Palabras clave: violencia de género, atención primaria de la salud, enfermería.

2. INTRODUCCIÓN

2.1 TERMINOLOXÍA

A organización mundial da saúde (OMS) define a **violencia** como...“*el uso intencional de la fuerza física, amenazas contra uno mismo, otra persona, un grupo o una comunidad que tiene como consecuencia o es muy probable que tenga como consecuencia un traumatismo, daños psicológicos, problemas de desarrollo o la muerte*”¹. O obxectivo da Campaña Mundial de Prevención da Violencia é fomentar a toma de conciencia sobre o problema da violencia, destacando a importante función da saúde pública para abordar as causas e promover a prevención.

O concepto de **xénero** seguindo a definición da OMS explícase como “*...los conceptos sociales de las funciones, comportamientos, actividades y atributos que cada sociedad considera apropiados para los hombres y las mujeres.*”²

O emprego da expresión de Violencia de Xénero (VX) realizouse a principios dos anos noventa grazas a importantes iniciativas como as Conferencias Mundiais sobre a Muller que se celebraron en México no ano 1975, Copenhague en 1980, Nairobi en 1985 e a última organizada na Cidade de Beijing en 1995, que pasou a repetirse cada cinco anos.³

A OMS define a VX en 1995 como... “*todo acto de violencia de género que resulte, o pueda tener como resultado un daño físico, sexual o psicológico para la mujer, inclusive las amenazas de tales actos, la coacción o la privación arbitraria de libertad, tanto si se producen en la vida pública como en la privada.*”⁴

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, define a VX como “...las

agresiones sufridas por la mujer como consecuencia de los condicionantes socioculturales que actúan sobre el género masculino y femenino, situándola en una posición de subordinación al hombre y manifestadas en los tres ámbitos básicos de relación de la persona: maltrato en el seno de las relaciones de pareja, agresión sexual en la vida social y acoso en el medio laboral".⁵

É importante subliñar que a violencia de xénero en ocasións se confunde con violencia doméstica (VD) ou familiar, concepto que fai referencia a: "Todo acto u omisión sobrevenido en el marco familiar por obra de uno de sus componentes que atente contra la vida, la integridad corporal o psíquica, o la libertad de otro componente de la misma familia, o que amenace gravemente el desarrollo de su personalidad "⁶. Polo tanto, A VX é unha violencia exercida cara a muller por parte do home; en cambio, a VD pode ser exercida ou sufrila calquera compoñente do ámbito familiar.

A VX exércece sobre as mulleres polo mesmo feito de selo, negándolle os dereitos mínimos de liberdade, respecto, decisión e expresión. Isto está a causar un rexeitamento na sociedade e unha gran alarma social, xa que pasou de ser un problema privado no campo doméstico, a un problema público. A OMS sinala que a VX é un problema prioritario na saúde pública e que require de intervencións convxuntas dende todos os ámbitos educativos, sociais e sanitarios.⁷

2.2 Antecedentes

A violencia contra as mulleres estivo presente de forma xeneralizada ao largo da historia presentándose de varias formas; algunas veces oculta a través do control social ou a discriminación e outras veces de maneira más evidente a través de agresións e ataques.

A orixe das conductas violentas contra as mulleres son os valores culturais que foron asinados a cada xénero e que foron un elemento

significativo na desigualdade sobre o que construír unha posición de poder, “...ya que el reconocimiento de las funciones asignadas a cada uno de los géneros (masculino y femenino) no sólo es distinto por ser éstas diferentes, sino que, ante todo, se debe a que tienen un valor distinto”.⁸

O sistema patriarcal é dende fai moitos anos a causa principal de dominación e subordinación do home sobre a muller e aínda segue estando presente na sociedade. Esta ideoloxía constrúese tomando as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres, que asigna a cada un deles un conxunto de características a comportamentos diferentes.

A orixe desta desigualdade está nos pobos primitivos como por exemplo na Roma Clásica, no que é característica a dependencia da muller, que debe obediencia e submisión ao pai e ao marido. *“El paterfamilias tenía sobre sus hijos el derecho a vida y muerte; podía venderlos como esclavos en territorio extranjero, abandonarlos al nacer o entregarlos a manos de los familiares de sus víctimas si habían cometido algún delito; desposarlos y pactar o disolver sus matrimonios. Pero así como los varones pasaban a ser paterfamilias cuando moría el padre, y adquirían todas sus atribuciones jurídicas dentro de su familia, las mujeres, por el contrario, iban a permanecer de por vida subordinadas al poder masculino, basculando entre el padre, el suegro y el esposo”*.⁹

2.3 Incidencia

A discriminación das mulleres e a violencia de xénero é un problema social que afecta a nivel mundial independentemente da raza, a situación económica, cultural ou relixiosa e está presente tanto en países desenvolvidos como en países que están en vía de desenvolvemento ou subdesenvolvidos.¹⁰

En España, o referente máis empregado para medir a magnitudo e evolución da violencia contra a muller son as macroenquisas editadas polo

Ministerio de Sanidade. A continuación móstranse os resultados sobre as macroenquisas dende 1999 a 2011 (táboa I), a unha mostra representativa con mulleres de máis de 18 anos de idade e residentes en España.

	VX Nunca	VX Algunha vez	VX Último ano	VX Algunha vez excluído último ano
1999	94,9	5,1	2,2	2,9
2002	93,8	6,2	2,3	3,9
2006	93,7	6,3	2,1	4,2
2011	89,1	10,9	3,0	7,9

Táboa I. Evolución da VX segundo macroenquisas dende 1999 a 2011. Elaboración propia. (Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).¹¹

Os datos obtidos da macroenquisa do ano 2015 non son comparables cos dos anos anteriores pola introdución de melloras metodolóxicas como¹²:

- Ampliación da mostra a mulleres maiores de 16 anos.
- Introdución de novos ítems no cuestionario que avalían diferentes tipos de violencia.
- Recollida de información sobre anteriores parellas da muller.

Outra forma de visibilizar o maltrato é a través das denuncias, aínda que son poucas as mulleres que dan este paso. Este feito débese a que en múltiples ocasións a propia vítima non identifica as situacóns de maltrato ou pola potente presión que exerce a sociedade sobre a vítima.

Na seguinte táboa móstrase a relación entre as denuncias e as mortes das mulleres nos últimos dez anos (táboa II). Non se atopa unha liña de tendencia clara a simple vista, polo que só se pode destacar que o número de denuncias se produce de maneira ascendente ao longo dos anos e

mantén unha repunta máxima nos anos 2017 e 2018, en cambio, a maior cifra de feminicidios acádase entre o ano 2010 e 2011 (gráfico I).

Ano	Denuncias	Feminicidios
2009	135.539	57
2010	134.105	73
2011	134.002	62
2012	128.477	51
2013	124.893	54
2014	126.742	55
2015	129.193	60
2016	143.535	49
2017	166.260	50
2018	166.961	51
2019	125.936	55

Táboa II. Evolución do número de denuncias e feminicidios nos últimos dez anos. Elaboración propia. (Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).¹³




Gráfico I. Evolución de feminicidios de 2009 a 2019. Elaboración propia. (Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).¹³

O número de mulleres asasinadas en España varía dunha comunidade autónoma (CA) a outra (gráfico II). As rexións con máis incidencia de asasinatos nos últimos dez anos son Andalucía, Cataluña,

Valencia e Madrid. As comunidades con menor influxo son Ceuta, Melilla, La Rioja e Navarra.




Gráfico II. Número total feminicidios segundo C.A nos últimos dez anos. Elaboración propia. (Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade).¹³

2.4 Tipos de maltrato

Ao referirnos á VX estamos referíndonos non só a violencia física, cuxa consecuencia máis grave sería o feminicidio da muller, senón que temos que ter presente que existen formas de maltrato más complexas que se atopan invisibilizadas socialmente áinda e que constitúen a base de todas as formas de violencia; estamos a falar de expresións simbólicas da violencia.¹⁴

A sociedade patriarcal ten unha gran influencia como xeradora da violencia simbólica e iso preséntase a través da imposición de diferentes roles de xénero que dirixen á muller a asumir calidades que a sitúan nun grado de dependencia fronte ao home o que xera a vitimización da muller. (gráfico III).




Gráfico III. O proceso de vitimización aprendida. Elaboración propia (Fonte: Revista Electrónica de Investigación Psicoeducativa).¹⁵

Atendendo á lei 12/2007 da violencia de xénero podemos diferenciar catro formas de violencia á muller: violencia psicolóxica, física, sexual e económica.¹⁶

Violencia psicolóxica

É todo acto dirixido á desvalorización de maneira verbal ou non verbal contra a muller. A violencia psicolóxica ou emocional está invisibilizada socialmente polo que a súa abordaxe resulta moi complexa. Provoca danos na saúde mental que se van producindo de xeito lento e progresivo e na maioría das ocasións soe ser precursora da violencia física.

17,18

A violencia psicolóxica exteriorízase a través de ameazas, insultos, illamento, descualificacións, manipulación ou privación de liberdade.¹⁹

Violencia física

Acto voluntario no que o home utiliza a força ou obxectos para provocar un dano físico contra a muller. Este tipo de violencia é a máis difícil de ocultar debido ás lesións que deixa no corpo da muller e maniféstase en forma de labazadas, empuxóns, golpes, beliscos ou malleiras.^{18,19}

Violencia sexual

Considérase calquera acto no cal a muller se vexa forzada a manter relacións sexuais contra o seu desexo e a súa vontade, con independencia de que o agresor teña algún tipo de relación sentimental coa vítima.¹⁸ A violencia sexual maniféstase a través da agresión, abuso, indución á prostitución e realización de prácticas sexuais non desexadas.¹⁹

Violencia económica

Supón a privación intencionada dos recursos que dispón a muller para o seu benestar físico e psicolóxico. Este tipo de maltrato exprésase a través do control da economía familiar, entrega de cantidades insuficientes para a manutención dos fillos así como limitando o acceso da vítima o ámbito laboral, o cal que xera dependencia na muller.¹⁸

3. OBXECTIVOS

3.1 PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN

A pregunta de investigación á que trata de dar resposta a revisión bibliográfica (RV) que se expón neste traballo formúlase como “¿están os

profesionais de enfermería capacitados para a abordaxe e a detección da violencia de xénero na atención primaria?". Esta pregunta segue a metodoloxía PICO, é dicir, analiza uns pacientes que son as mulleres que sufren violencia de xénero; unhas intervencións dirixidas á prevención da enfermaría; realiza unha comparación entre as distintas formas de abordaxe e por último obtéñense uns resultados que nos aportan información sobre o coñecemento que teñen estes profesionais ante os casos de VX.

3.2 OBXECTIVOS

3.2.1 *Obxectivo xeral*

- Analizar, definir ou identificar o grao de coñecemento dos profesionais de enfermería para a detección e abordaxe da violencia de xénero dende as consultas en atención primaria (AP).

3.2.2 *Obxectivo específico*

- Identificar as barreiras que impiden a detección da VX nas consultas de AP de enfermaría.

4. MATERIAL E MÉTODOS

4.1 DATAS DE BUSCA

A busca de artigos realizouse durante o mes de abril de 2020.

4.2 CRITERIOS DE SELECCIÓN

4.2.1 *Criterios de inclusión*

- Artigos que estudan os coñecementos da enfermería para a abordar e detectar vítimas de violencia de xénero nas consultas de AP.

- Artigos publicados nos últimos dez anos.
- Documentos en inglés, portugués e español.

4.2.2 Criterios de exclusión

- Protocolos de estudio.
- Artigos publicados en idiomas diferentes a inglés, portugués e español.
- Artigos de más de dez anos.
- Artigos que tratan sobre a violencia doméstica infantil.

4.3 ESTRATEGIAS DE BUSCA

Para realizala busca empregáronse as seguintes palabras chave: “*violencia de xénero*”, “*atención primaria da saúde*” e “*enfermaría*”. A estratexia de busca levouse a cabo nas seguintes bases de datos usando os correspondentes termos MeSH a cada palabra chave ou sinónimo das mesmas (táboa IV):

Bases de datos	Fórmula de busca
Pubmed	("Gender-Based Violence"[Mesh] AND "Primary Health Care"[Mesh]) OR (((domestic violence"[tiab] OR "Violence against women"[tiab]) AND ("primary prevention"[tiab] OR "nursing"[tiab]))
Scopus	(TITLE-ABS-KEY ("Gender based violence") OR TITLE-ABS-KEY ("domestic violence") OR TITLE-ABS-KEY ("intimate partner violence") AND TITLE-ABS-KEY ("primary health care") AND TITLE-ABS-KEY (nursing))
Dialnet	Violencia mujer atención primaria

Táboa IV: Fórmulas de busca nas distintas bases de datos. Elaboración propia.

Pubmed

Inicialmente atopáronse 169 artigos aos que tras aplicárselles os criterios de inclusión quedaron reducidos a 24. Deste elimináronse:

- 16 deles por tratar temas diferentes
- 1 por mostrar resultados similares a outros estudos escollidos
- 1 protocolo de estudio

Obtivéronse polo tanto 6 artigos para analizar.

Scopus

Encontráronse 52 artigos dos cales só 15 cumpriron os criterios de inclusión. Destes descartáronse:

- 5 por temas diferentes
- 1 por mostrar resultados similares a outros escollidos
- 1 por estar repetido
- 2 protocolos de estudio

A busca final concluíu 6 artigos neste buscador.

Dialnet

Realizouse unha busca simple na cal se atoparon 72 artigos, dos cales 16 cumplían os criterios de inclusión.

- Descartáronse 9 artigos que trataban doutros temas
- 2 artigos repetidos.

Finalmente seleccionáronse 5 artigos.




Figura I. Algoritmo de busca nas bases de datos. Elaboración propia

5. RESULTADOS

Dos 17 artigos seleccionados, 3 son ensaios clínicos aleatorizados (ECAS), 4 son revisións bibliográficas (RB) e 10 son estudos non analíticos. As variables a estudar son as mesmas para todos os tipos de estudos, distinguindo os seguintes apartados: ano, autor, título, tipo de estudio, obxectivo, resultados e conclusión.

Ano	Autor	Título	Tipo	Mostra	Obxectivo	Resultados	Conclusións
2018	Feder et al.	An Intimate Partner Violence Prevention Intervention in a Nurse Home Visitation Program ²¹	ECA	N=238 mulleres GC: 132 GT: 168	Investigar a efectividade dunha intervención preventiva integrada no programa NFP	- A intervención afectou de maneira diferente dependendo da súa experiencia inicial coa IPV. - O GI tiña máis posibilidades de informar sobre a violencia física ao ano e sobre violencia sexual aos dous anos, sempre que a violencia fora efectuada ao comezo do estudo. A violencia psicolóxica foi reducida aos dous anos en mulleres que non manifestaron vitimización inicial.	A intervención foi efectiva para reducir formas de violencia entre as mulleres que non experimentaron violencia ó comezo do estudo, pero foi ineficaz para quen xa a experimentara.
2017	Gupta et al.	A nurse-delivered, clinic-based intervention to address intimate	ECA	N=950 mulleres GC: 480 GT: 470	Avaliar se a intervención enfermeira produciu melloras significativas na planificación da seguridade así como na calidade de vida mental aos tres meses, pero ós quince meses non se observaron	A intervención enfermeira produciu melloras significativas na planificación da seguridade así como na calidade de vida mental aos tres meses, pero ós quince meses non se observaron	Observáronse reducóns dos niveis de IPV entre as mulleres do GC e GI, a intervención mellorada pode ofrecer a corto prazo abordar a

		partner violence among low-income women in Mexico City ²²			uso dos recursos sanitarios, a coerción reprodutiva e a calidad de vida mental.	efectos significativos no tratamiento.	planificación da seguridade e calidad de vida mental. As enfermeiras poden desenvolver un papel de apoio para axudar a mulleres con problemas de IPV.
2015	Taft et al.	Maternal and child health nurse screening and care for mothers experiencing domestic violence ²³	ECA	N=163 enfermeiras	Avaliar se un modelo deseñado por unha enfermeira aumentou a detección, divulgación, planificación de seguridade de VD.	- O uso das listas de verificación de saúde materna nas consultas de GI aos tres meses mostraron taxas de detección dun 63,1%. - Dous anos despois da intervención, as taxas de planificación de seguridade do GI aumentaron de tres a catro veces as do GC.	O modelo MOVE demostrou que as taxas de planificación de seguridade poden mellorarse e manterse ata 36 meses mediante o uso de listas de verificación no lugar de facer preguntas directas.

Táboa V. Resultados dos ECAS

GC= Grupo Control; GI= Grupo Intervención; NFP= Nurse Family Partnership; IPV= Intimate Partner Violence; Move= the Improving Maternal and child health care for Vulnerable Mothers project

Ano	Autor	Título	Tipo	Mostra	Obxectivo	Resultados	Conclusións
2018	Alshammari et al	Nurse education and understanding related to DV and abuse against women ²⁴	RB	N=17 artigos	Explorar a literatura relacionada coa compresión das enfermeiras da VD contra mulleres e identificar as gretas na educación da enfermeira.	- Falta de capacitación - Necesidade de estratexias apropiadas e habilidades para responder ante a VD para proporcionar unha atención óptima - As enfermeiras deben ofrecer unha comunicación efectiva para establecer un vínculo de confianza coa muller.	As enfermeiras desempeñan un papel importante no recoñecemento das vítimas de VD. Os cursos a nivel de pregraos son importantes para lograr cambio de actitudes nos profesionais.
2018	Baidés	Violencia de género: Papel de Enfermería	RB	N=13 artigos	Fortalecer o coñecemento sobre as pautas de	- A prevención secundaria é unha tarefa fundamental dos equipos de enfermaría en AP.	Debe de ofrecerse unha atención integral e individualizada respectando os marcos

		en la Prevención secundaria desde AP. ²⁵		actuación para a prevención secundaria de VX dende enfermaría de AP.	- Existen diferentes instrumentos como a entrevista, escalas e protocolos e a valoración integral que axudan á identificación de casos.	legales, éticos e deontolóxicos vixentes.	
2018	Fernández et al.	Prostitución y trata con fines de explotación sexual: una visión de Enfermería Comunitaria ²⁶	RB	Describir a situación das mulleres prostituídas e vítimas de trata, os protocolos e plans de actuación.	É importante a sensibilización e implicación aínda que se presentan obstáculos como as diferenzas de idiomas e culturas, a información inadecuada, a falta de capacitación, recursos ilimitados, escasa participación das vítimas e os problemas relacionados coa estigmatización, a discriminación, e seguridade e a protección.	Os profesionais de enfermaría son importantes na identificación e derivación de posibles vítimas, así como para o acercamento do sistema sanitario á asociacións e recursos comunitarios.	
2017	Kirk et al.	Effectiveness of secondary	RB	N=22 artigos	Recompilar e avaliar a	Poden ser efectivas a prevención secundaria a través	Unha maior comprensión da

		and tertiary prevention for violence against women in low and low-middle income countries ²⁷		evidencia existente para intervencións secundarias e terciarias para abordar a VX en países con baixos ingresos.	de intervencións dirixidas ao consumo de alcohol, tanto para o maltratador como para a vítima. A psicoterapia tamén pode ser efectiva para mellorar o benestar a mulleres que sufrieron violencia sexual.	efectividade destas intervencións nos países con ingresos baixos ou medios axudará a priorizar programas e políticas que minimicen a VX.
--	--	---	--	--	---	--

Táboa VI. Resultados das revisións bibliográficas

Ano	Autores	Título	Tipo	Mostra	Obxectivo	Resultados	Conclusóns
2018	Nderitu et al.	Barriers to Screening Pregnant Women for Domestic Violence ²⁸	Estudo transversal	N= 125 enfermeiras	Avaliar as barreiras de enfermaría para a detección de mulleres	O 98% das enfermeiras non usaron ningunha ferramenta para detectar VD. Este comportamento débese á falta de capacitación de VD	Este estudio descubre que a detección VD en mulleres embarazadas é do 16% debido a que existen múltiples

					embarazadas maltratadas.	durante o seu programa educativo, medo a reacción da parella, falta de mentores e modelos a seguir así como a falta de cooperación de outros profesionais da saúde.	barreiras para a súa detección.
2018	Murillo et al.	Factores asociados a la respuesta a la violencia del compañero íntimo en AP de salud ²⁹	Estudo transversal	N=265 profesionais sanitarios	Analizar a capacidade de resposta á VX de profesionais sanitarios españoles en AP e identificar posibles determinantes que poidan favorecer unha mellor resposta.	Media de horas de formación tres veces maior en traballo social e sexoloxía que en enfermaría e medicina. O 31% do persoal sanitario mostrou non sentirse ben preparado para realizar anamneses e unha exploración física completa. O 50% considerou non ter suficiente formación para atender casos de VX, descoñecer os	Limitada capacidade dos profesionais de atención primaria para abordar casos de VX. Obsérvanse diferenzas entre a formación de distintas profesións e pouco coñecemento do protocolo rexional/nacional como ferramenta que permite optimizar a detección de casos.

						requisitos legais ou non saber utilizarlos.	
2017	Díaz et al.	Conocimientos, opiniones y creencias de los profesionales de Atención Primaria en relación a la VX. ³⁰	Estudo descriptivo transversal	N= 301 profesionais sanitarios	Avaliar os coñecementos e dificultades dos profesionais de AP da Área Sanitaria III do Principado de Asturias ante os casos de VX.	O 78% informou recibir algunha formación. Os profesionais mencionaron sentirse minimamente e algo preparados. Un 27,8% identificaron un caso novo nos últimos seis meses. O 37% dos profesionais refire non coñecer a existencia de protocolo de actuación ante casos de VX.	É importante a correcta formación dos profesionais fronte a casos de VX ademais da difusión do protocolo de actuación xa que máis dun terzo dos profesionais descoñece a súa existencia.
2017	Pascual M.	Conocimientos de los profesionales sanitarios sobre la	Estudo descriptivo transversal	N=259 profesionais sanitarios	Estimar os coñecementos que teñen sobre a violencia contra as	Demostran ter máis coñecementos sobre a VX profesionais de sexo feminino, maior idade e experiencia laboral así como os que viven ou	Os profesionais teñen que coñecer en profundidade o Protocolo Común ante a VX como método para facilitar

		violencia que sufren las mujeres a manos de sus parejas ³¹			mulleres os profesionais de AP da Área de Saúde de Guadalaxara.	viviron en parella e traballan en centros de saúde. O 24,3% afirma non coñecer a existencia do protocolo de actuación. O 55,2% descoñecen as repercuśóns legais de non declarar un caso evidente.	a identificación de casos. É importante seguir coas políticas de sensibilización da poboación e en especial ás mulleres, así como coa formación dos profesionais fronte a este tema.
2016	Valdés et al.	Violencia de género: conocimientos y actitudes de las enfermeras en atención primaria ³²	Estudo observacional	N= 167 enfermeiras	Avaliar o nivel de coñecemento e as actitudes das enfermeiras sobre a VX e a súa relación coas variables sociodemográficas e a	O 62,2% das enfermeiras ten un nivel de coñecementos medio, sendo estes maiores en mulleres casadas ou con parexa. O 71% non detectou ningún caso nos últimos tres meses. Un 63,2% consideran escasa a formación. As persoas con autopercepción baixa	A autopercepción baixa de coñecementos inflúe máis que o nivel de coñecemento real na detección de casos. É preciso mellorar a confianza sobre as súas capacidades así como un aumento da formación neste campo.

					detección de casos	de coñecemento aplican menos o protocolo.	
2015	Visentin et al.	Women's primary care nursing in situations of gender violence ³³	Estudo e descriptivo cualitativo	N= 17 enfermeiras	Identificar as accións realizadas por enfermeiras de AP da saúde para mulleres en situacións de VX.	-A empatía, diálogo e escoita con atención son estratexias que o persoal de enfermería debe empregar para actuar ante os casos de maltrato. - A falta de capacitación, sensación escasa de preparación e falta de tempo debido á sobrecarga de traballo son limitacións coas que se atopa a enfermeira para enfrentar a VX.	As enfermeiras non están preparadas adecuadamente para atender a mulleres en situacións de violencia de xénero e é necesario que este tema se aborde na formación de profesionais de enfermería.
